

## **MIKEL GOIENETXE ASUME A DIRECCIÓN DE VIAXES EROSKI**

- **Ata agora desempeñou o posto de Director de Explotación de Travel Air, división de empresas de Viaxes EROSKI**

**Elorrio, 24 de xuño do 2014.-** Mikel Goienetxe foi nomeado Director Xeral de [Viaxes EROSKI](#). Accede ao posto desde a Dirección de Explotación de Travel Air, división de empresas da axencia que está especializada en viaxes de negocios, cometido que desempeñou desde o 2003.

Licenciado en Administración e Xestión de Empresas pola Universidade de Herdforshire, conta cunha sólida traxectoria profesional no sector, vinculada a viaxes EROSKI desde o 1999.

Desde a súa nova responsabilidade, unha das súas prioridades é impulsar o desenvolvemento da [alianza estratéxica](#) que Viaxes EROSKI asinou en abril con Barceló Viaxes para fortalecer a posición de ambas as dúas compañías no mercado, ao obteren un aproveitamento bilateral de sinerxias e seren máis competitivas, ao poderen trasladar un catálogo máis amplo de produtos e servizos en condicións máis vantaxosas para os clientes.

### **Viaxes Eroski**

Fundada en 1980, e pertencente ao [Grupo EROSKI](#), é unha das dez primeiras axencias de España. Especialista na área das vacacións e cunha destacada posición en viaxes de empresa, conta cunha rede comercial de 163 axencias de viaxe, na que se inclúen 28 oficinas de atención exclusiva a empresas.

Viaxes EROSKI está integrada na rede [GEBTA \(Guild European Business Travel Agents\)](#), un consorcio exclusivo con máis de 850 puntos de venda en toda Europa.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 609 386 514

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[www.eroski.es](http://www.eroski.es) > [Notas de prensa](#)  
[www.consumer.es](http://www.consumer.es)